



Concello do Grove

BASES DO XV CONCURSO DE FOTOGRAFÍA POLO DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES

O Concello do Grove (Pontevedra), a través da Concellería de Igualdade, convoca este concurso que se rexerá polas seguintes bases:

PRIMEIRA. Poderá participar calquera persoa física maior de idade que presente unha obra súa, orixinal e inédita. Cada autora ou autor poderá presentar un máximo de tres fotografías en formato dixital.

SEGUNDA. Con motivo da celebración do 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres, no que se conmemora a loita da muller pola súa participación e igualdade de xénero na sociedade e no seu desenvolvemento íntegro como persoa, a Concellería de Igualdade convoca este concurso que trata sobre a muller, co que se pretende visibilizar o facer das mulleres nos diferentes eidos da vida (social, laboral, político, artístico, creativo, de ocio...).

TERCEIRA. As fotografías deberán ser orixinais e non presentadas en ningún concurso. Poderán presentarse en vertical ou horizontal e admitiranse fotos en cor e en branco e negro. Non se permite a presentación de obras creadas total ou parcialmente mediante o uso de intelixencia artificial.

Aquelas fotografías nas que apareza unha persoa identificable deben contar co consentimento da persoa retratada. O xurado pode requirir este consentimento por escrito.

CUARTA. Enviárase cada fotografía individualmente, coa indicación “XV Concurso de Fotografía polo Día Internacional das Mulleres”. Cada fotografía deberá ir acompañada da folia de inscrición anexa a estas bases cuberta e a fotocopia do DNI da autora ou autor (por ambas as dúas caras). As fotos poderán enviarse en formato electrónico ao enderezo de correo electrónico 08marzogrove@gmail.com.

Así mesmo, deberán achegar a declaración responsable de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias (Estado, Comunidade Autónoma e Administración local) e coa Seguridade Social, conforme o previsto no artigo 24.4 do RLXS, tamén anexa a estas bases.

QUINTA. O prazo de inscrición será de 20 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación das presentes bases no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358





Concello do Grove

SEXTA. Establécense os seguintes premios:

- 1º premio: 350 €
- 2º premio: 250 €
- 3º premio: 150 €

SÉTIMA. As persoas que conformen o xurado serán dadas a coñecer antes da concesión do premio. O xurado estará composto por integrantes do Consello Local de Igualdade e por profesionais relacionados/as co mundo da arte e a fotografía. Actuará como secretario/a do xurado, con voz e sen voto, un/unha técnico/a do Concello. O nome das tres persoas premiadas publicárase na páxina web municipal (www.concellodogrove.es) 15 días despois do remate do prazo de inscrición.

OITAVA. O Concello do Grove resérvase todos os dereitos de propiedade e uso das fotografías premiadas, citando sempre o nome do/a autor/a. A fotografía gañadora será empregada na campaña do Día Internacional das Mulleres. O Concello do Grove farase cargo da impresión das 20 fotografías con maior puntuación, que serán expostas ao público.

NOVENA. A organización resérvase o dereito de modificar estas bases en beneficio do bo funcionamento deste concurso.

DÉCIMA. A participación neste concurso implica a total aceptación das presentes bases e da decisión do xurado, que será inapelable.

O Grove, 9 de febreiro de 2026

